**INTERVENCIÓN**
LVP/slb
Refª: ispac5009387468846708690.doc
Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 19-2025 MERCADOS

Concello de Lugo

**DECRETO**
**EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 19/2025). BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA O IMPULSO DUNHA REDE DE MERCADOS EXCELENTES DE GALICIA E A DINAMIZACIÓN E REVITALIZACIÓN DAS PRAZAS DE ABASTOS E SE PROCEDE A SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2025.**

- Vista RESOLUCIÓN do 24.04.2025, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, pola que se aproba a concesión dunha subvención ao Concello de Lugo por importe de 14.400,00 €, ao abeiro da Orde do 19 de febreiro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos, e se procede á súa convoctoria para o ano 2025.

- Vista providencia do Servizo de Participación Cidadá, asinada pola súa xefa de servizo, Amparo Rubinos Hermida, coa conformidade da responsable da área xestora o 01.07.2025, de incoación de expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de xeración de créditos correspondente aos sinalados compromisos firmes de achega económica.

- Visto o informe de fiscalización previa da Intervención Xeral accidental, Ref.: 1069/2025, do 03.07.2025.

Considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demáis normativa, **RESOLVO**:

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 19/2025), introducíndose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

✓ Xeración de crédito: 14.400,00 €.

Xeración de créditos.-
ESTADO DE INGRESOS:Compromisos de ingreso concertado da Xunta de Galicia.- S1511001H

| Concepto | Código proxecto | Importe |
|---|---|---|
| 45080 | 254312001 | 14.400,00 € |
| | TOTAL | 14.400,00 € |

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores.



MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR ***393***-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 04/07/2025)
Decreto Nº: 6745/2025 - Fecha de firma: 04/07/2025
Versión imprimible

CVD: W26wUxARJb982SZiSmQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto/resolución: 6745/2025

Firmado por: ***393*** - MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (FECHA: 2025-07-04 12:43:42.00)

| Aplicación Orzamentaria | Código proxecto | Importe |
|---|---|---|
| 43120.22699 | 254312001 | 14.400,00 € |
| | TOTAL | 14.400,00 € |

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.



FIRMADO POR ***393***-Miguel Fernández Méndez (FECHA: 04/07/2025)
Decreto Nº: 6745/2025 - Fecha de firma: 04/07/2025
Versión imprimible